



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Expte. N° 02/18-P

CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno

Convocatoria: Extraordinaria

Data da sesión: 10 de xaneiro de 2019

Hora: 20:00

Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior (1/2019-P).-

2º.- Conta Xeral do Presuposto do exercizo 2017.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario, Emilio Seijo Frías.-



NÚMERO 1/19

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día dez de xaneiro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Escusou a súa ausencia o concelleiro D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior nº 14/2018, de 19 de decembro de 2018.-

2º.- Adxudicación dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.-

O sr. Alcalde dá conta do expediente tramitado en virtude do acordo plenario de data 22-2-2018 para contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada, no que consta o resultado dos actos de licitación celebrados os días 23 e 26 de abril, 15 de maio, 19 de outubro, 20 e 30 de novembro de 2018, como resultado dos cales a Mesa de contratación efectúa proposta de adxudicación a favor da empresa ACCIONA SERVICIOS URBANOS S.R.L., co CIF B80399660, por ser a súa a oferta mais vantaxosa.-

Vista a documentación presentada pola empresa, esixida na cláusula 19.3 do prego de cláusulas administrativas particulares así como a presentación da garantía definitiva mediante seguro de caución emitido pola sociedade AXA Seguros Generales Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros nº 62710754, por importe de 90.064,02.- euros, e informe de fiscalización JPB 1/2019, a Comisión informativa Xeral ditamina favorablemente a proposta de adxudicación.-

Maniféstanse a favor do ditame os voceiros dos distintos grupos, agás o voceiro do grupo PP, sr. Anido, quen solicita que o asunto quede sobre a mesa para poder ter acceso aos pregos de adxudicación e outros documentos do expediente que segundo afirma non se lle facilitaron.-

Sometida a votación dita petición, é a mesma desestimada por sete votos a favor e nove en contra, aprobándose acto seguido o ditame da Comisión, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete votos en contra do grupo PP, quedando en consecuencia adoptado o seguinte acordo:

1º.- Declarar válida a licitación realizada por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para contratación dos Servizos de Limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada.-

2º.- Declarar excluída da licitación á empresa Servicios dos Concellos Galegos S.L.U. por non cumprir coa prescrición establecida no Prego de Cláusulas que rexe a contratación na presentación da documentación do sobre B, en canto á limitación da extensión do proxecto dos servizos.-

3º.- Adxudicar a contratación dos Servizos de Limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada á empresa ACCIONA SERVICIOS URBANOS S.R.L., co CIF B80399660, por ser a oferta economicamente mais vantaxosa, no prezo de un millón novecientos oitenta e un mil catrocentos oito euros e cincuenta e tres céntimos (Prezo sen IVE: 1.801.280,48 €, IVE 180.128,05 €, Total: 1.981.408,53 €).-

4º.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións 163.22715 e 1722.22715 do Presuposto municipal.-

5º.- Notificar este acordo ao adxudicatario e requirilo para que concurra a formalizar o contrato en documento administrativo na data e hora que estableza a Alcaldía, dentro do prazo que establece o artigo 156.3, parágrafo 2º, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

6º.- Notificar aos restantes licitadores e publicar esta adxudicación mediante anuncio no Perfil de contratante de conformidade co disposto no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e publicar a formalización do contrato no Perfil de contratante e ademais no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea, conforme ao artigo 154.2, parágrafo 2º, da mesma lei.-

7º.- Remitir ao Consello de Contas a documentación que establece o artigo 29 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á vista da contía do contrato, no prazo dos tres meses seguintes a súa formalización.-

3º.- Adxudicación da contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, dos servizos de Axuda no Fogar.-

A concelleira delegada sra. Reimúndez dá conta do expediente tramitado en virtude do acordo plenario de data 22-2-2018 para contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, dos servizos de



Axuda no Fogar, no que consta o resultado dos actos de licitación celebrados os días 23 de abril, 10 de maio e 28 de novembro de 2018, como resultado dos cales a Mesa de contratación efectúa proposta de adxudicación a favor da empresa IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L., co CIF B27445253, como autora da proposición mais vantaxosa.-

Vista a documentación presentada pola empresa, esixida na cláusula 19.3 do prego de cláusulas administrativas particulares así como a presentación da garantía definitiva mediante avais das entidades Banco Pastor por importe de 50.000.- €, rexistrado ao nº 8180-00698, e Banco de Sabadell S.A. por importe de 25.433,35.- € rexistrado ao nº 10001140511, e informe de fiscalización JPB 2/2019, a Comisión informativa Xeral ditamina favorablemente a proposta de adxudicación.-

Maniféstanse a favor do ditame os voceiros dos distintos grupos, agás a concelleira do grupo PP, sra. Salorio, quen solicita que o asunto quede sobre a mesa pois non poden aprobar unha adxudicación de tal importancia sen ter acceso ao expediente, intervindo no debate deste punto a sra. Reimúndez e o sr. Anido.-

Sometida a votación a petición de deixar o asunto sobre a mesa, é a mesma desestimada por sete votos a favor e nove en contra, aprobándose acto seguido o ditame da Comisión, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete votos en contra do grupo PP, quedando en consecuencia adoptado o seguinte acordo:

1º.- Declarar válida a licitación realizada por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para contratación dos Servizos de Axuda no Fogar.-

2º.- Declarar excluída da licitación á empresa ADIPER, ADI&SALU SERSOC S.L.U., co CIF B06469738, por non cumprir coa dotación mínima de axudas técnicas establecida na cláusula 6.2.1.20 do Prego de Prescricións Técnicas.-

3º.- Adxudicar o contrato á empresa Idade de Ouro Servicios Sociosanitarios S.L., co CIF B27445253, por ser a oferta mais vantaxosa, nos seguintes prezos:

Prezo hora ordinaria: 13,20.- euros, IVE: 0,53.- euros, Total: 13,73.- euros

Prezo hora extraordinaria: 13,30.- euros; IVE: 0,53.- euros, Total: 13,83.- euros

Sendo o importe máximo previsto del contrato para as anualidades 2019 e 2020 de un millón cincocentos sesenta e nove mil trece euros e sesenta e oito céntimos (prezo sen IVE: 1.508.667,10.- €; IVE: 60.346,68.- €).-

4º.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións 2310.22743 e 2310.22749 do Presuposto municipal.-

5º.- Notificar este acordo ao adxudicatario e requirilo para que conorra a formalizar o contrato en documento administrativo na data e hora que estableza a Alcaldía, dentro do prazo que establece o artigo 156.3, parágrafo 2º, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

6º.- Notificar aos restantes licitadores e publicar esta adxudicación mediante anuncio no Perfil de contratante de conformidade co disposto no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e publicar a formalización do contrato no Perfil de contratante e ademais no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea, conforme ao artigo 154.2, parágrafo 2º, da mesma lei.-

7º.- Remitir ao Consello de Contas a documentación que establece o artigo 29 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á vista da contía do contrato, no prazo dos tres meses seguintes a súa formalización.-

Control de Órganos de Goberno:

4º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 26-11-2018 a 4-1-2019.-

5º.- Mocións.-

Non se produxeron.-

6º.- Rogos e preguntas.-

A sra. Bolaño fai as seguintes preguntas:

1) Pregunta por qué a Alcaldía non delega competencias das áreas que tiñan delegadas ata a súa renuncia as concelleiras do grupo PSOE, cuestión que considera necesaria para un mellor funcionamento.-

2) Pregunta sobre previsións para a reubicación da aula CEMIT a fin de dispoñer do espazo que actualmente ocupa na OMIX para uso polos xoves.-

A sra. Pardo fai os seguinte rogos e preguntas:

1) Pregunta que se ten efectuado con relación a unha denuncia de agresión entre empregados municipais supostamente acontecida o pasado agosto na biblioteca municipal. O Presidente resposta que xa está nomeado un instrutor para un procedemento de información reservada.-

2) Roga que se axilicen os trámites para que poidan comezar a funcionar a escola e a compañía municipais de teatro, xa que hai meses de atraso por problemas administrativos. O Presidente manifesta que aínda non se puido levar a cabo a adxudicación porque a proposta como adxudicataria non presentou ata o de agora a documentación correctamente, malia que foi requirida en varias ocasións.-

O sr. Anido efectúa dous rogos:



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

1) A revisión ou actualización do dominio “sada.gal”, porque teñen detectado que hai determinados correos procedentes do Concello que non foron recibidos.-

2) Celeridade na entrega dunha documentación que solicitou por necesitala para a súa defensa xudicial, porque ten que ir declarar o próximo día 6 de febreiro o Xulgado de Betanzos. O Presidente manifesta que o concelleiro de Urbanismo deu xa unha orde para que se tramite coa maior celeridade a súa petición. O sr. Montouto aclara que asinou unha nota interna dirixida á Secretaría.-

E non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html